

Estêvão Peres Froiã

Rubrica

Senhor, se o outro mundo passar
assi com'aqueste pass'e passei
e com tal coita com'aqui levei
e lev', eno ifern'hei de morar
por vós, senhor, ca nom por outra rem:
ca por vós perço Deus e sis'e sem,
cando vos vejo dos olhos catar,

atam muit'aposto, que nom há par;
e já me trabalhei de os cousir
e comecei log'entom a ri[i]r
e er filhei-me log'i a chorar,
com'homem desemparedado d'Amor
e de vós; ai fremosa mia senhor,
nom sei com'esto podess'endurar!

E já que vos no inferno falei,
senhor fremosa, e na coita daqui
que por vós hei, vedes quant'entend'i
e quanto daquesto mui bem sei:
que alá nom poderia haver tal
coita qual soffro, tam descomunal,
e soffr'e nunca por vós acorr'hei.

Ca vedes, mia senhor, por que vo-lo hei:
porque fez Deus vosso corpo atal
em que nunca pod'homem saber mal,
nem saberá; mais eu gram pavor hei
que vo-lo demandará por mim Deus,
pois eu morrer, [ai] lume destes meus
olhos, que sempre mais que mim amei!